

## MOCIÓN

En todas as declaracións que fai o noso Alcalde cando fala do porto deportivo de Sanxenxo di que coa súa excelente xestión o espazo portuario pasou dunhas mans privadas a ser propiedade de todos os veciños e veciñas do concello.

Tamén manifestou en diferentes ocasións, a última durante a celebración da Xunta Xeral extraordinaria da sociedade Nauta Sanxenxo solicitada polo BNG, que cando o porto era propiedade da empresa Davila Lago, S.L., esta puxo unha cadea que non permitía o paso aos veciños e veciñas e mesmamente pretendía cobrar 100 pesetas por aparcar os coches.

Con anterioridade á reforma do espazo portuario, esa zona era usada como aparcadoiro gratuito por todos os veciños e visitantes do concello.

Tamén se utilizaba para celebrar, unha vez a semana, o mercadinho que, como consecuencia da reforma portuaria, foi trasladado á vila de Portonovo.


Dada a excelente evolución dos datos económicos que, segndo o Sr. Alcalde, presenta a sociedade Nauta Sanxenxo e que nas conclusións da Comisión Informativa Especial que elaborou a memoria xustificativa do exercicio da actividade económica da explotación portuaria se decidiu que se debía “posibilitar unha explotación do porto con criterios non extritamente empresariais de obtención de rendibilidade inmediata”.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación tome os seguintes:

## ACORDOS

1º.- Que o aparcadoiro público do porto sexa de balde no período comprendido entre o 15 de setembro e o 15 de xuño.

2º.- Que o mercadiño que se celebra actualmente dous días no contorno da piscina municipal en Portonovo, se traslade un dos días á praza pública da vila de Sanxenxo, chamada polo Sr. Alcalde “praza do Mar”.

A handwritten signature or scribble consisting of several overlapping loops and a final downward stroke, positioned below the second paragraph.